

Convocatoria para o deseño dun pano para agasallo institucional inspirado no Mapa de Fontán

BASES

Primeira. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria, promovida pola Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) Mestre Mateo, ten por obxecto a selección dun ou varios deseños gráficos para a estampación téxtil dun pano. Esta peza producirase fisicamente para o seu uso como agasallo institucional por parte da consellería competente en materia de educación. O eixe creativo, visual e conceptual das propostas deberá pór en valor a histórica Carta Xeométrica de Galicia, coñecida como o Mapa de Fontán.

Segunda. Persoas destinatarias

A participación está dirixida exclusivamente a todo o alumnado que se atope matriculado na EASD Mestre Mateo durante o presente curso académico, calquera que sexa a especialidade das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño ou das Ensinanzas Artísticas Profesionais que estea a cursar. A concorrencia poderá formalizarse a título individual ou mediante a conformación de equipos de traballo.

Terceira. Requisitos técnicos da proposta

- Fundamentación conceptual: Interpretación gráfica, tipográfica ou ilustrativa baseada de xeito directo ou abstracto no Mapa de Fontán.
- Dimensións e formato: O deseño concibirase para un formato cadrado, cunhas dimensións finais de 70 x 70 cm.
- Arte final e preimpresión: Os arquivos dixitais achegaranse coa resolución óptima para a estampación téxtil (mínimo de 300 ppp a tamaño real). Esíxese a entrega nos formatos estándar de produción gráfica (vectorial ou mapa de bits en .TIFF ou .PDF de alta calidade, sen compresión).

Cuarta. Premios, recoñecemento, propiedade intelectual e difusión

Os deseños que resulten seleccionados polo comité avaliador obterán o seguinte recoñecemento de carácter curricular e profesional:

- Dotación económica para material: A persoa ou equipo cuxo deseño resulte gañador recibirá unha dotación de 400 euros, destinada á adquisición de material funxible necesario para os seus

estudos ou á compra de bibliografía especializada. Para facer efectivo este importe, será requisito indispensable a presentación previa da correspondente factura ou facturas relativas ao gasto, emitidas cos datos fiscais da EASD Mestre Mateo¹.

- Producción e uso: Reprodución e estampación física da obra gráfica para o seu uso como agasallo institucional oficial da Consellería.
- Autoría e dereitos: A participación implica a cesión dos dereitos de reprodución e distribución, que quedará estritamente limitada a unha tirada pechada de 100 exemplares. Para poñer en valor a exclusividade da edición, cada exemplar irá acompañado dunha pequena tarxeta ou etiqueta numerada. Garantirase en todo momento o dereito moral e o recoñecemento explícito da autoría da obra nesta etiqueta, así como nas notas de prensa e nas canles de difusión oficiais.
- Mostra para o portfolio: A persoa ou persoas galardoadas recibirán un exemplar físico do pano finalizado para a súa incorporación ao seu portfolio profesional e arquivo persoal.

Quinta. Presentación de candidaturas e sistema de anonimato

- Prazo de admisión: O período de recepción de propostas finalizará o vindeiro 12 de novembro.
- Procedemento de entrega (sistema de plica): Co fin de garantir a total imparcialidade do proceso mediante unha avaliación a cegas, a entrega formalizarase presencialmente na Secretaría do centro (acceso por Virxe da Cerca, horario de 10 a 13h.) nun sobre principal pechado, identificado no exterior unicamente cun lema ou pseudónimo.
- Contido do sobre principal:
 - Un dispositivo de almacenamento (memoria USB) cos arquivos dixitais do deseño.
 - Unha reprodución impresa en cor do deseño sobre papel nun formato normalizado (preferiblemente DIN A3), mantendo a proporción cadrada.
 - Unha breve memoria técnica e conceptual (cunha extensión máxima dunha páxina), na que se xustifique a metodoloxía proxectual empregada e a vinculación gráfica coa obra cartográfica de Domingo Fontán.
 - Un segundo sobre máis pequeno, igualmente pechado (plica), identificado no exterior co mesmo lema ou pseudónimo, que conterá no seu interior os datos persoais e de contacto da persoa ou persoas participantes.

Sexta. Criterios de valoración

A selección correrá a cargo dun xurado cualificado integrado por profesorado especialista do centro e, de ser o caso, por representantes da administración educativa, velando polo principio de presenza equilibrada. O ditame basearase nos seguintes criterios obxectivos:

¹ Datos de facturación requiridos:
Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo
CIF: Q1568009C
Rúa Virxe da Cerca, nº 32
15703 - Santiago de Compostela

1. A orixinalidade, o carácter innovador e a calidade compositiva e plástica do deseño.
2. A viabilidade técnica e a idoneidade da arte final para a súa translación eficiente aos procesos industriais de estampación téxtil.
3. A forza narrativa e a coherencia conceptual acadada no diálogo entre a linguaxe estética contemporánea e a homenaxe á cartografía de Fontán.

En Santiago de Compostela, a 25 de setembro de 2026.